

Reformas laborais e lei mordaza ANULACIÓN XA!!!

O capitalismo: un sistema opresor, inxusto, antidemocrático e inhumano

A celebración da festividade do 1º de MAIO, día do internacionalismo proletario, en moitos países do mundo, é unha conquista do movemento obreiro que busca pór en valor a solidariedade de clase na loita permanente da clase traballadora por conquistar os seus dereitos e mellorar as súas condicións de vida e de traballo, fronte á explotación da que é vítima por parte dun sistema, o capitalista, co que ten intereses antagónicos.

Dereitos que hoxe temos recoñecidos a clase traballadora en Galiza e noutros países do mundo – como poden ser o ensino, a sanidade, as pensións, as prestacións por desemprego, a negociación colectiva, a xornada de 40h semanais ou o dereito de folga – témolos porque os conquistamos, porque a base de organizámonos e levámos adiante moitas loitas, conseguimos crear unha correlación de forzas favorábel que nos permitiu arrincarlle estas conquistas ao poder económico e político. De feito, hai moitos países do mundo en que a clase traballadora non ten recoñecidos todos ou algúns destes dereitos, mesmo en países como EEUU, con ser a primeira potencia económica mundial.

Nun momento como o actual, no que como clase traballadora estamos a ser vítimas dun forte recorte nos nosos dereitos e na nosa calidade de vida como consecuencia das políticas antisociais e antiobreiras promovidas polo capital e executadas polas forzas políticas da dereita e da socialdemocracia liberal – contrarreformas en materia de contratación, negociación colectiva ou pensións; recorte do investimento no ensino, na sanidade, na atención a dependentes, en

políticas de igualdade ou nas prestacións por desemprego; reforma da lei cidadá e do código penal–, cómpre que teñamos moi presente que o que temos como clase traballadora é o que ao longo dos anos conquistamos coa nosa loita; ninguén nolo regalou. Se hoxe estamos a perder dereitos é porque a correlación de forzas é favorábel ao capital e a aquelas forzas políticas e sociais que o defenden ou non o combaten.

O que está a acontecer coas persoas refuxiadas na Unión Europea (UE) é significativo do carácter inhumano do sistema capitalista e a que modelo económico e social e a que intereses de clase responde a UE. O imperialismo, o capital transnacional, en función exclusivamente dos seus intereses económicos e co respaldo de institucións (BM, FMI, BCE, OMC, CE...), governos e grandes medios de comunicación, todos eles ao seu servizo, aprópiáanse, neste caso, da riqueza e das materias primas de moitos dos países africanos ou do medio oriente, non dubidando para isto en promover golpes de estado e guerras que están a supor centos de miles de mortes e millóns de persoas desprazadas que foxen da guerra e da miseria. Diante disto, a UE, nun exercicio de cinismo e hipocrísia, ao tempo que fai grandes declaracións en defensa da democracia e dos dereitos humanos, péchalles as fronteiras e condénaas, nuns casos a morrer no camiño e noutros a malvivir en campos destinados a persoas refuxiadas ou a ser vítimas de todo tipo de mafias. Para o capital, e para as institucións políticas e financeiras ao seu servizo, a vida dos seres humanos non val nada o

1º maio

Galiza soberanía e futuro



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

que contan son os seus intereses, a súa marxe de beneficios, o seu poder e o seu control sobre os mercados e as fontes de materias primas.

No caso de Galiza, a explotación de clase que sufrimos a clase traballadora vese agravada pola explotación que padecemos como nación e que se pon de manifesto no espolio ao que estamos sometidos permanentemente da nosa enerxía, do noso aforro, das nosas materias primas, do noso excedente económico, da nosa man de obra condenada ano tras ano á emigración e na falta de soberanía política para podermos decidir por nós mesm@s aquelas políticas laborais, sociais, industriais ou económicas que como pobo nos interesan e que

sexan garantes dun desenvolvemento económico e social xusto e sostíbel a todos os niveis.

A garantía, pois, de que poidamos vivir nunha sociedade galega, libre, democrática, xusta, igualitaria en condicións de vida, traballo e en dereitos, vai depender da capacidade que teñamos os galegos e galegas para tirar abaixo este sistema inhumano e opresor e facer realidade un modelo económico e social no que a economía, a cultura, os medios de comunicación e as institucións, estean gobernadas por e ao servizo do pobo traballador, onde as relacións sociais estean baseadas na cooperación e a solidariedade. Esta mesma reflexión é extensiva ao resto de nacións do mundo e as súas clases traballadoras.

**Anulación xa das reformas laborais,
da reforma das pensións e da lei de seguridade cidadá
Por unha galiza soberana, sen emigración e con futuro
Viva o 1º de maio. Viva o internacionalismo proletario.
Viva Galiza ceibe e socialista**

Manifestacións:

Vigo: ás 12,00h. Cruce da Doblada
A Coruña: ás 12,00h. Praza de Vigo
Pontevedra: ás 12h. Praza da Ferrería
Ferrol: ás 12,00h. Avda. de Esteiro (local da CIG)
Santiago: ás 12,30h Praza Roxa
Lugo: ás 12,00h. Ronda da Muralla (edificio sindical)
Ourense: ás 12,00h. Pavillón dos Remedios
Ribeira: ás 12,00h. Praza do Peixe
Foz: ás 12,30h. Diante de Facenda (Rúa Alvaro Cunqueiro)
Vilagarcía: ás 12,00h. Casa do Mar
A Estrada: ás 12,00h. Praza do Mercado

1º maio

Galiza soberanía e futuro



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

